

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 18 DE ABRIL DO 2024.

ASISTENTES:

<p>Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO</p> <p>Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>	<p>Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p>Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL</p> <p>Membros que non asisten: VIDAL PEON XABIER BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Dezaioito de Abril do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada na data 11/04/2024

2.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/122

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 09/04/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "CUBERTA TÉXTIL DE PARQUE INFANTIL DAS ABESADAS (RIBEIRA)""



3.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/143

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2024. DECRETO: "APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE LAS OBRAS "MEJORA DE LA ACCESIBILIDAD EN PRAZA DO CONCELLO". FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU"

4.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/150

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN DA RÚA FRANCISCO LORENZO MARIÑO (AGUIÑO)""

5.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/175

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN, ABASTECIMENTO E PLUVIAIS EN RÚA DA CAPELA (CARREIRA)""

6.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/176

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOS CURROS (CASTIÑEIRAS)""

7.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/177

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO "RENOVACIÓN DA REDE DE AUGA POTABLE NA RÚA DO BARREIRO (PALMEIRA)""

8.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/178

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241299515
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 18/04/2024		Fecha: 18/04/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/04/2024		Hora: 16:37
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/04/2024 16:37:23		



DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “SANEAMENTO NO LUGAR DE ESPÍÑEIRIDO””

9.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/179

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2024. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS E REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “RENOVACIÓN DA PRAZA ESTUDIANTES (RIBEIRA)””

10.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/180

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2024. DECRETO: “ADJUDICACIÓN, COMO CONTRATO MENOR, DE LA “REDACCIÓN DEL PROYECTO BÁSICO DE REORDENACIÓN DE LA PLAZA DEL CENTENARIO E INTEGRACIÓN CON LA PLAZA DEL CONCELLO PARA EL FORTALECIMIENTO DE LA ACTIVIDAD COMERCIAL DEL ENTORNO”

11.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202104/182

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 10/04/2024. DECRETO: “Requirimento para a xustificación de ofertas económicas, en principio, anormalmente baixas, presentadas no expediente para a adxudicación do contrato para executar as obras do proxecto de “SANEAMENTO CON BOMBEO E ABASTECIMIENTO NO LUGAR DE LIXÓ””

12.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/204

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 11/04/2024. DECRETO: “PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DENOMINADO “SERVIZO DE MANTEMENTO DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL DEPENDENTES DO CONCELLO DE RIBEIRA (A TRINIDADE-OLEIROS E A GUÍA-CARREIRA)””

13.- DACION DE CONTA DO DECRETO 202404/232

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 12/04/2024. DECRETO: “INICIO DO EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE OBRAS “REFORMA E AMPLIACIÓN DE EDIFICIO EXISTENTE PARA NOVA BIBLIOTECA MUNICIPAL DE RIBEIRA””



14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

6392 13.03.2024 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., instalación dunha liña de baixa tensión soterrada de 104 m. de lonxitude para dar subministro eléctrico a un bombeo de augas residuais municipal no lugar de Axeitos.

15.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

9504 17.04.2023 TELEFÓNICA DE ESPAÑA, S.A.U., instalación de un poste na rúa Celeiráns-Aguiño.

16.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA, COMPOSTA DE SEMISOTO, PLANTA BAIXA E BAIXO CUBERTA. PROMOTORA: JUAN MANUEL MILLÁN SERÁNS. LUGAR: INSUELA, PALMEIRA, RIBEIRA

VISTA a solicitude de licenza urbanística de obra maior para licenza de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ILLADA COMPOSTA DE SEMISOTO, PLANTA BAIXA E BAIXO CUBERTA**, no lugar de **INSUELA, PALMEIRA, RIBEIRA**, da que é promotor **D. JUAN MANUEL MILLÁN SERÁNS**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como o **informe técnico** emitido polo **arquitecto técnico municipal** con sinatura dixital favorable de **día 27 de marzo de 2024**, así como **informe** emitido pola **enxeñeira municipal** o día **14 de marzo de 2024** en relación á fianza para responder dos **277,00 m²** xa cedidos ao concello de Ribeira resultante da licenza de segregación nº 3/22, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 28 de abril de 2022, (contrato de cesión asinado o día 14 de marzo de 2022 por D. Alfonso Gago Domínguez), para responder polos servizos urbanísticos a completar pola construción da vivenda unifamiliar de 6.240,02 €, o **informe do técnico de administración xeral** de data **1 de abril de 2024** e o informe do **secretario xeral** da Corporación de data **2 de abril de 2024**, considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **D Juan Manuel Millán Seráns LICENZA DE OBRAS (Nº 12/24) para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SEMISOTO, PLANTA BAIXA E BAIXOCUBERTA** no lugar de Insuela, Palmeira, Ribeira, en parcela con ref^S catastral nº 15074A007008490000KP nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia de data 2 de xaneiro de 2023 así como do Modificado de Proxecto Básico e de Execución Plano A02 mod. - Plano A03 mod. - Plano A04 mod. - Plano



A05 mod. - Plano A06 mod. - Plano E08 mod. Plano E09 mod, Plano U01 de situación do Proxecto de marzo de 2024 redactados por D. Miguel A. Abab Blanco, (arquitecto col. nº 1.877).

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO. - A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO: -Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO:- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*



- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na legislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarse a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarase a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO: - Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóbiles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO. - Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO. - Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira



encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO. - O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO. - Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

17.- LICENZA MUNICIPAL PARA DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR. LUGAR: RÚA LUIS SEOANE, Nº 5, AGUIÑO RIBEIRA. PROMOTORA: ALMA PÉREZ MARTÍNEZ

VISTOS os escritos presentados por **Dna. Alma Pérez Martínez**, rexistrados de entrada os días **21 de xullo de 2023 e 24 de xaneiro de 2024**, (Rexistro de entrada nº 17.557 e 1.936), mediante os que solicita licenza de obras para demolición de vivenda unifamiliar sita na Rúa Luís Seoane, nº 5. Aguiño, Ribeira en parcela catastral nº 9285319MH9098N0001AY, achegándose Proxecto de Demolición visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xullo de 2023 redactado por D. Vicente Ageitos Pérez, (arquitecto col. nº 3.078), Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 17 de xaneiro de 2024.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto técnico municipal** con sinatura dixital o día **29 de decembro de 2023**.

VISTO o informe emitido polo **arquitecto técnico municipal** o día **30 de xaneiro de 2024** en relación á **fianza** para responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar que nos ocupa, valorada en **509,35 €**.

VISTO o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo D. José Martínez de Llanos y Orosa de data **30 de xaneiro de 2024**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no que propónse conceder a licenza urbanística de referencia en harmonía co informe do arquitecto municipal de data 28 de decembro de 2023.



VISTO o informe emitido polo Secretario Xeral da Corporación con data **30 de xaneiro de 2024** en relación co disposto no artigo 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento sobre o Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional e o artigo 142 da Lei 2/2016, de 16 de febreiro do Solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.-CONCEDER a Dna. Alma Pérez Martínez, **LICENZA DE OBRAS (Nº 13/24) PARA DEMOLICIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA LUÍS SEOANE, Nº 5. AGUIÑO, (Ribeira)** en parcela catastral nº 9285319MH9098N0001AY, achegándose Proxecto de Demolición visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 18 de xullo de 2023 redactado por D. Vicente Ageitos Pérez, (arquitecto col. nº 3.078), Oficio de Dirección de Obra e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 17 de xaneiro de 2024.

*-Deberá depositar unha fianza nas arcas municipais de **509,35 €** en metálico ou mediante aval bancario responder pola reposición de pavimento nas aceras ás que da fronte o solar.*

SEGUNDO.- As obras de demolición iniciaranse no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

TERCEIRO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintarase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de*



xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).

- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentárase a correspondente solicitude.*
- *A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- *Procederáse con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- *As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- *Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- *Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*

CUARTO.- Durante a execución da demolición non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de RIBEIRA. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

QUINTO.- Durante a execución da demolición adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SEXTO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederáse a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

OITAVO.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*



- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

18.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Manuel Sobrido Domínguez

Visto o escrito presentado por **Manuel Sobrido Domínguez**, de data 09/04/2024 (Registro de entrada nº 8.749), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A043000830000KU e sita no lugar de Bretal nº 169, Olveira, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/04/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A043000830000KU e sita no lugar de Bretal nº 169, Olveira, Ribeira.

19.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – José Antonio Ríos Rivas

Visto o escrito presentado por **José Antonio Ríos Rivas**, de data 15/03/2024 (Registro de entrada nº 6.601), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 15074A838005380000ZE e sita no lugar de As Saíñas nº 25, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 12/04/2024, **a Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 15074A838005380000ZE e sita no lugar de As Saíñas nº 25, Ribeira.



20.- LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCAS. PROMOTORA: MARÍA GÓMEZ VALIÑO. LUGAR: BRETAL, Nº 314, OLVEIRA, RIBEIRA

VISTO os escritos presentados por **Dna. María Gómez Valiño**, rexistrados de entrada os días **8 e 12 de marzo de 2024**, (rexistros de entrada nº 6.211 e 6.990), mediante os que solicita licenza de segregación de finca con refª catastral nº 15074A044000490000KI e sita no lugar de Bretal nº 314, Olveira, Ribeira, achegando Proxecto de segregación de parcelas redactado polo arquitecto técnico D. Emilio J. Domínguez Rodríguez con sinatura dixital de data 8 de marzo de 2024 así como Proforma de Escritura de Segregación de Parcela.

VISTO o informe técnico favorable emitido polo **arquitecto técnico municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **20 de marzo de 2024**.

VISTO o informe emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **25 de marzo de 2024**.

VISTO o informe do secretario Xeral da Corporación (art 3 do RD 128/2018) de data **2 de abril de 2024**.

ACREDITADO que a parcela obxecto da segregación clasifícanse no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Ribeira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO DE NÚCLEO RURAL B**.

EXAMINADA a documentación que lle acompaña en relación co outorgamento de licenza de parcelamento urbanístico, a solicitude presentada polos interesados reúne os requisitos esixidos legalmente e está acompañada da documentación preceptiva, polo que **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

-PRIMEIRO: - CONCEDER a Dna. María Gómez Valiño a LICENZA DE SEGREGACIÓN DE FINCA (Nº 4/24) con refª catastral nº 15074A044000490000KI e sita no lugar de Bretal nº 314, Olveira, Ribeira, nos termos do Proxecto de segregación de parcelas redactado polo arquitecto técnico Sr. Emilio J. Domínguez Rodríguez con sinatura dixital de data 8 de marzo de 2024 e rexistrado de entrada no Concello de Ribeira o día 12 de marzo de 2024, (registro de entrada nº 6.211 así como da Proforma de Escritura de Segregación de Parcela, e rexistrado de entrada no Concello de Ribeira o día 20 de marzo de 2024, (registro de entrada nº 6.990).

SEGUNDO: En atención ao artigo 65 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana, a eficacia de dita regularización de parcelas **QUEDA SUBORDINADA Á ELEVACIÓN DO ACTO ADMINISTRATIVO E FORMALIZACIÓN EN ESCRITURA PÚBLICA E INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DA PROPIEDAD QUE INCLUIRÁ A SUPERFICIE DE CESIÓN**.

TERCEIRO. - O prazo de caducidade da licenza é de 3 anos contados a partir da notificación da licenza, podendo ser declarada a caducidade pola administración municipal logo de procedemento con audiencia do interesado, (artigo 145 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia).

CUARTO. - Asimesmo a licenza concedida:



- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

QUINTO: - Notificar o presente acordo aos interesados xunto coa comunicación dos recursos procedentes.

21.- AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL- A.G.R.H.L.

Vista a proposta do **Concelleiro Delegado de Servizos Sociais**, Vicente Mariño de Bricio, de data 09/04/2024, en relación á solicitude de axuda para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Ribeira presentada por **A.G.R.H.L.**, mediante escrito de data 04/04/2024 (Rexistro de entrada nº 8.378).

A Xunta de Goberno Local, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Marta Álvarez González, de data 08/04/2024, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a **A.G.R.H.L.** unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **200,00 €** (25,00 €/día), en concepto de aloxamento urgente.

22.- ACHEGAS CONCEDIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO – LIÑA EDUCACIÓN. ANO 2019

Queda sobre a mesa, pendente de revisión, a proposta de concesión de achegas emitida pola Concelleira Delegada de Educación, Cruz Rivadulla Márquez, de data 29/12/2023, en relación á adxudicación de subvencións a entidades sen ánimo de lucro (Colexios e ANPAs), liña de Educación, ano 2019.

23.- ACHEGAS CONCEDIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO – LIÑA SOCIAL. ANO 2023

Vista a proposta de concesión de achegas emitida polo Concelleiro Delegado de Servizos Sociais, Vicente Mariño de Bricio, de data 27/02/2024, en relación á adxudicación de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, liña de Acción Social, ano 2023.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/04/2024.

Vista a documentación que consta no expediente.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar a adxudicación de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, liña de Acción Social, ano 2023, según a seguinte relación:

BENEFICIARIOS	Puntos obtidos	Coficiente Financiamiento	Achega concedida Máx. 50% Presuposto gasto obxecto de subvención	Importe a xustificar = Importe Subvención / Coficiente financiam.
CENTRO SOCIAL RECREATIVO SANTA UXÍA	60	50,00%	767,25€	1.534,50€
AGADEA	65	41,56%	1.203,70€	2.896,30€
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE RIBEIRA	80	29,26%	1.481,48€	5.063,16€
CLUB DE PENSIONISTAS E XUBILADOS DO MAR DE AGUIÑO	65	45,23%	1.203,70€	2.661,29€
TOTAIS	270		4.656,13€	

24.- ACHEGAS CONCEDIDAS A BENEFICIARIOS DAS SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES DE PROXECTOS NA ÁREA DE ACTIVIDADES CULTURAI, EXERCICIO 2023

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 15/04/2024, en relación á aprobación do pago ás entidades beneficiarias das subvencións para proxectos desenvolvidos na área de actividades culturais, exercicio 2023, e na que expón:

“

- Aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de 14 de decembro de 2023 as achegas para a promoción de proxectos desenvolvidos na área de actividades culturais, exercicio 2023, conforme a Ordenanza reguladora das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro (BOP nº100 de data 29/05/2018) e extracto da convocatoria publicado no BOP núm.180 de data 20/9/2023.**
- Practicada notificacións aos beneficiarios destas achegas e sinalado o prazo de xustificación de un mes de conformidade co apartado 6.-Xustificación e pagamento da Ordenanza reguladora das subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro (BOP nº 100, de 29/5/2018).**
- Examinada a documentación xustificativa de gasto/pago presentada polos beneficiarios desta subvención, foi emitido informes que se engaden ao expediente:**
 - Informe asinado pola Comisión Avaliadora na data 07 de marzo de 2024**
 - Informe do Sr. Interventor Municipal, Pablo Bao Castro asinado na data 12 de abril de 2024”**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Aprobar o pago aos beneficiarios desta achega, á vista dos informes sinalados no punto 3 da citada proposta.



25.- ACHEGA CONCEDIDA Á FUNDACIÓN MUSEO DE ARTES DO GRAVADO Á ESTAMPA DIXITAL (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Visto o informe de xustificación documental e pagamento de subvencións emitido polo Dinamizador da Sala-Museo Municipal de Ribeira, Miguel Ángel Vidal Lojo, de data 19/03/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital. Anos 2021 e 2022.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 12/04/2024.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Fundación Museo de Artes do Gravado á Estampa Dixital. Anos 2021 e 2022; polos importes de 8.190,31 € (Ano 2021) e 10.000,00 € (Ano 2022), en concepto de subvención.

26.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA – Gastronomar (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva M^a Betanzos Fernández, de data 05/01/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, co obxecto da celebración da Feira Gastronómica “GASTROMAR”.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/04/2024.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, co obxecto da celebración da Feira Gastronómica “GASTROMAR”, por importe de 20.000,00 € en concepto de subvención.

27.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA – Campaña de Nadal 2022/2023 (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a **proposta** de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva M^a Betanzos Fernández, de data 05/01/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, co obxecto da celebración da Campaña de Nadal 2022/2023.



Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/04/2024.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, co obxecto da celebración da Campaña de Nadal 2022/2023, por importe de 5.000,00 € en concepto de subvención.

28.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS DE RIBEIRA – Campañas Anuais de Comercio (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva M^a Betanzos Fernández, de data 13/03/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, co obxecto da celebración das Campañas Anuais de Comercio 2023.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/04/2024.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación de Empresarios de Ribeira, co obxecto da celebración das Campañas Anuais de Comercio 2023, por importe de 20.000,00 € en concepto de subvención.

29.- ACHEGA CONCEDIDA A ASOCIACIÓN MOTOCUBO OS REVENTAPISTÓNS – V Concentración Moteira 2023 (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN).

Vista a proposta de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva M^a Betanzos Fernández, de data 12/01/2024, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Asociación Motocubo Ribeira Os Reventapistóns, co obxecto da celebración da V Concentración Moteira 2023.

Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 11/04/2024.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



Aprobar a documentación xustificativa presentada e **autorizar** o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e a Motoclub Ribeira Os Reventapistóns, co obxecto da celebración da V Concentración Moteira 2023, por importe de 5.500,00 € en concepto de subvención.

30.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO: Actividade “Barranco Río Pedras”

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Mocidade, Antía Alberte Maneiro, de data 11/04/2024, relativa á aprobación de prezos públicos da actividade “Barranco Río Pedras”.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor e Tesoureiro Municipal, Pablo Bao Castro e Félix Carrasco del Pozo, de data 15/04/2024.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1º.- Aprobar o establecemento dun prezo público de **25,00 €** por participante inscrito, en base a Ordenaza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía)

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

31.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO: Actividade “Rafting no Río Ulla”

Vista a proposta presentada pola Concelleira Delegada de Mocidade, Antía Alberte Maneiro, de data 11/04/2024, relativa á aprobación de prezos públicos da actividade “Rafting no Río Ulla”.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor e Tesoureiro Municipal, Pablo Bao Castro e Félix Carrasco del Pozo, de data 15/04/2024.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

1º.- Aprobar o establecemento dun prezo público de **21,00 €** por participante inscrito, en base a Ordenaza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía)

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.



32.- APROBACIÓN DE PREZO PÚBLICO: Actividade “Xogo de Láser Tag”

Vista a proposta presentada polo Concelleiro Delegado de Deportes, Xavier Vidal Peón, de data 11/04/2024, relativa á aprobación de prezos públicos da actividade “Xogo de Láser Tag”.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor e Tesoureiro Municipal, Pablo Bao Castro e Félix Carrasco del Pozo, de data 15/04/2024.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

1º.- Aprobar o establecemento dun prezo público de **3,00 €** por participante inscrito, en base a Ordenaza fiscal C.3 Reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello, no seu artigo 4.2 (Establecemento e contía)

2º.- Publicar un anuncio que dea conta do prezo público, tanto no Taboleiro Oficial de Anuncios do Concello, como nas dependencias dos servizos que organicen a actividade, que deberá ser exposto dende o día seguinte ao de adopción do presente acordo, e non poderá ser retirado ate que as actividades previstas teñan rematado.

33.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – María Dolores Saiñas Cadabal (TABERNA DO ARGENTINO)

VISTO o escrito presentado por **María Dolores Saiñas Cadabal**, en representación **Diego Rafael Folgar Dorado** e do establecemento “A Taberna do Argentino”, de data 04/04/2024 (Rexistro de entrada nº 8.352), no que solicita permiso para evento musical (Foliada con grupos de Gaiteiros) no establecemento hostaleiro “A Taberna do Argentino” (Carreira), o día 17/05/2024, en horario de 20:00h. a 00:00 h. ou de 20:00h. a 01:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización (Debendo cumprir co horario establecido nas instrucións) a **María Dolores Saiñas Cadabal**, para evento musical no establecemento hostaleiro “A Taberna do Argentino” (Carreira), o día 17/05/2024, **en horario de 20:00h. a 01:00 h., nas condicións establecidas pola “Instrucións de actuacións musicais de pouca entidade Concello de Ribeira”**, aprobada pola Xunta de Goberno Local da sesión ordinaria celebrada en data 20/10/2022, e aprobada corrección na Xunta de Goberno Local de data 16/02/2023, e na que se establece:

“(…)

5.- DATAS E HORARIOS:

5.1. Sábados, domingos e festivos: Sesión “Vermú”: entre 13.00 h e 16.00 h.

5.2. Interior de Locais:

5.2.1. Café Bar:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.2. Cafetería:



Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 23.00 h.

Sábados e víspera de festivo: de 20.00 h a 00.00 h.

5.2.3. Pubs e café concerto:

Mércores, xoves, venres: de 20.00 h a 02.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 02.00 h.

5.3. Exterior de locais: Para todas as licenzas:

Venres: de 20.00 h a 23.00 h

Sábados e víspera de festivos: de 20.00 h a 00.00 h.

ACLARACIÓN: Os locais que queiran realizar unha actuación en interior o poderán realizar os mércores o xoves en horario comprendido entre as 20.00 h e 23.30 h, como máximo un día á semana. Exceptúanse desta consideración os locais que dispoñan de licenza de pub, que se rexerán pola mesma.

(...)"

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de "A Taberna do Argentino" (Carreira) (**María Dolores Saíñas Cadabal**), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: "O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable."
- O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: "1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)"
- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: "Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal."



- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe accidental da Policía Local de Ribeira, Sr. José Manuel Bretal Laranga para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

34.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN “MERCADO SOLIDARIO” – CEIP O Grupo

Visto o escrito presentado por María Nieves Lampón González en representación do **CEIP O Grupo**, de data 11/04/2024 (Rexistro de entrada nº 9.104), no que solicita autorización para a celebración do evento “Mercado Solidario” o día 26/04/2024 pola mañá, na Praza do Sol (Ribeira), consistente en trocar un libro por un alimento non perecedeiro para donalo a entidades que colaboran con comedores sociais.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a celebración do evento “Mercado Solidario” o día 26/04/2024 pola mañá, na Praza do Sol (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



35.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN “FESTIVAL URBAN FEST (GIRLS POWER EDITION) 2024” – Atracciones Fercosti, S.L.

Queda sobre a mesa, pendente de estudo, o escrito presentado por Thalia Barral Teira en representación de **Atracciones Fercosti, S.L.**, e coa colaboración da Asociación de Empresarios de Ribeira, de data 11/04/2024 (Rexistro de entrada nº 9.078), no que solicita autorización para a celebración do evento “Festival Urban Fest (Girls Power Edition) 2024” os días 03/08/2024 na Praza de España (Ribeira).

36.- AMPLIACIÓN DE LIÑA AMARELA EN INTERSECCIÓN PRAZA PONTEVEDRA CON RÚA CASTILLEJOS (RIBEIRA)

Queda sobre a mesa, pendente de estudo, a proposta da **Policía Local**, de data 16/04/2024, relativa á ampliación de liña amarela na intersección da Praza de Pontevedra con Rúa Castillejos (Ribeira).

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL-ALCALDE PRESIDENTE - 18/04/2024
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 18/04/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 18/04/2024 16:37:23

